

Profesores, profesoras, pais, nais, compañeiros e compañeiras, alégrome de poder despedir, en nome de todos os meus compañeiros, unha das etapas máis significativas da nosa vida. Unha meta conseguida que, tras tanto tempo de esforzo, viu por fin a súa recompensa. Pero un percorrido cargado aínda de incerteza polo que de agora en adiante ocorrerá.

Comecemos esta viaxe, pois, dende o 1º andar. Un 17 de setembro do xa esquecido 2004. É gracioso. Uns pipiolos de só 12 anos, nerviosos, ansiosos... ¡Con que admiración mirabamos para aqueles maiores que xa estaban no seu último ano! Aqueles que tiñan o privilexio de ocupar o 2º andar, TODO o 2º andar para eles sós. Pero os anos pasaron voando e o percorrido, que tan difícil se facía por momentos, asustábanos cada vez menos. Algúns dos nosos quedaron polo camiño, tamén recibimos novas incorporacións. Pero, con todo, podemos dicir que, en xeral, logramos o obxectivo. Estamos contentos de ternos convertido nuns señoritos e señoritas- hoxe agochadas baixo 10 cm de maquillaxe pero, á fin e ó cabo, señoritas-. Chega con botar unha ollada atrás para decatármonos do camiño percorrido. As nosas prioridades cambiaron. Aínda lembro as épocas nas que a nosa maior preocupación era que nos deixasen saír media hora máis, ata as 8 e media da tarde, claro, ou aproveitar ó máximo os tres minutos do cambio de clase para tirar bolas de papel ou correr pola aula. Bueno, niso non cambiamos tanto.

Hoxe pensamos ó grande e, por primeira vez, os nosos pais non estarán detrás para da-la cara, para escusarnos ou para salvarnos. ¿Estamos preparados? Non o sei, pero o movemento demóstrase andando e non debemos dudar das nosas

posibilidades. Temos que confiar en nós mesmos e poñer todo o empeño no que desexemos. Sexa o que sexa.

Pois ben, durante anos, tivemos o honor de liderar o ránking do peor curso da historia. Mira que non nos terán chamado de todo! Faladoiros, escandalosos... Non saben o que din. Somos xente que pode asumir perfectamente as responsabilidades pero que ás veces prefire xogar as ser nenos. Non é necesario comportarse sempre como adultos, polo menos ata que non nos vexamos obrigados a facelo.

Podo asegurar e aseguro que poucos cursos foron tan “xeniais” coma o noso. E non me refiro ós resultados académicos, porque co tempo iso caduca (os PeAs xa non existen, os notables convertéronse en 7 e 8 e en dous días esqueceremos en que ano naceu exactamente Platón). Falo dunha xeración na que houbo un rolo estupendo entre profes e alumnos, onde a tradicional antítese de intereses quedou desdebuxada e, sempre dende o respecto, convertémonos nun todo complementario. Vós, os profesores, ensinástesnos o mellor de cada un de nós, da mellor maneira que puidestes e, por riba, non foi un castigo. Pero tedes que recoñecer que vós tamén aprendestes con nós. Si, deses díscolos e indisciplinados rapaces coas hormonas a 100. Aprendestes que, por moito que insistades, estudar o día antes si que compensa, que saír de festa os sábados é perfectamente compatible cunha semana de exames pero, sobre todo, que nunca hai que perder a ilusión polo que un fai, que os anos non son unha escusa e que a pesar de que uns veñen e outros marchan, hai que recibir o que veña coa mesma alegría ano tras ano.

Pedinlles a algúns dos meus compañeiros que me describisen o bacharelato nunha palabra e, para a miña sorpresa, atopei opinións de todo tipo: *sábado, juerga, Molinón, recreo, breve...* aínda que, como non : *estrés, agobio, exames, nota, selectivo...* Independentemente do positivas ou negativas que estas sexan, o certo é que podemos dicir orgullosos que saímos cun bo sabor de boca. Incluso fostes considerados co momento de comezar coas obras. Esperastes case a que nos tocara marchar. Para que vos iades dar présa? Butacas novas, por favor, para que as queremos? se todo o mundo sabe que o mellor para o lombo nos exames de 4 h son estas cadeiras.

En fin, iso xa non importa. Agora toca mirar adiante. Dá igual o que elixamos, non importa onde acabemos nin canto tempo pasemos sen vernos. Compartimos uns maravillosos anos de festa, traballo e amizade e iso, no fondo, é o importante, algo que ninguén nos quitará xa. Pero coidado! Isto é só unha ponte. Quédanos a Universidade. Salamanca, Ourense, Vigo, A Coruña e, por suposto, Santiago, onde, por riba, toca ir peregrinando.

Unha etapa que hai que pechar esta noite pero que non deixará de sorprendernos. Sempre haberá algo polo que volver, algo que lembrar. Unha etapa que nos permitirá descubrir que, casualmente, hai un puñado de persoas que, a pesar da distancia, nos seguirán acompañando, dende o primeiro día, ese día no que, aínda coma nenos de 12 anos, timidamente sentados nos pupitres, agardabamos nerviosos a que a profesora de sociais se decidise a entrar pola porta da clase de 1º da ESO.

O ser humano é extraordinario.